

[Roberto Rossellini, 1954]

ESTREA EN NUMAX: 05.02.2016 | V.O.S.E.

## FICHA TÉCNICA

Viaggio in Italia (1954, 86')

**Dirección:** Roberto Rossellini

**Guión:** Roberto Rossellini, Vitaliano Brancati, Antonio Pietrangeli

**Reparto:** Ingrid Bergman, George Sanders, Maria Mauban, Paul Muller, Anna Proclemer, Leslie Daniels

**Montaxe:** Jolanda Benvenuti

**Son:** Eraldo Giordani

**Música:** Renzo Rossellini

**Fotografía:** Enzo Serafin

**Produtora:** Italia Film, Junior Film, Sveva Film (Italia), Les Films Ariane, Francinex (Francia)

**Distribuidora:** Classic Films

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.37:1

## FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

*La toma del poder por parte de Luis XIV*, 1966

*Ya no creo en el amor*, 1954

*Europa '51*, 1952

*Stromboli, tierra de Dios*, 1950

*Alemania, año cero*, 1948

*Paisà [Camarada]*, 1946


*Roma, ciudad abierta*, 1945

## SINOPSE

Alexander e Katherine Joyce, un acomodado matrimonio inglés, chega a Nápoles para se facer cargo dunha herdanza que un familiar lle legou. As relacións entre ambos foron sempre tan correctas como frías. Namentres toman o sol na terraza da mansión herdada, a esposa confésalle ao seu marido que estivo namorada dun mozo que loitou durante a guerra en Italia.

«Este filme abre unha fenda pola que todo o cinema debe pasar baixo pena de morte»

Jacques Rivette. CAHIERS DU CINÉMA



## Fragmentos da entrevista a Roberto Rossellini

Por François Truffaut e Maurice Schéer  
[Éric Rohmer]

**Jacques Rivette escribiu hai pouco: «temos dunha parte o cinema italiano e doutra a obra de Roberto Rossellini». O que el quería dicir é que vostede se sitúa a certa distancia do movemento neorrealista baixo o cal se abrangue a case totalidade dos cineastas italianos...**

Si, dun certo neorrealismo, mais que entendemos por esa palabra? Hai pouco en Parma houbo un congreso sobre o neorrealismo e discutimos arreo mais o termo ficou confuso. Na meirande parte dos casos non é máis ca unha etiqueta. Para min é, sobre todo, unha posición moral desde a cal observar o mundo. E de aí devén unha posición estética mais o punto de partida é moral.

**En canto ao seu estilo, o que pode resultar desconcertante é a ausencia diso que coñecemos como «efectos de cinema». Vostede non subliña os momentos importantes, senón que permanece sempre obxectivo e mesmo impasíbel. Temos a impresión de que todo obedece a un plan deliberado.**

Eu tento sempre permanecer impasíbel, pois acho que o que hai de extraordinario e emocionante no ser humano é, precisamente, que as grandes xestas ou os grandes feitos prodúcense da mesma maneira e co mesmo estrondo que os pequenos feitos da vida cotiá. É coa mesma humildade que eu tento transcribir uns e outros. Hai unha fonte de interese dramático.

**Vostede ten a reputación de filmar sen guión, nunha constante improvisación...**

É unha lenda, en parte. Eu teño sempre presente no espírito a continuidade dos meus filmes. E teño os petos cheos de anotacións. Porén, debo confesar que xamais comprendín a necesidade de ter un guión técnico se non é para tranquilizar aos produtores. Que hai máis absurdo que a columna da esquerda? Plano americano, travelling lateral, panorámica e cadro... É un pouco coma se un escritor fixese un guión do seu libro: na páxina 212 un imperfecto de subxuntivo, logo un complemento directo, etc. En canto á columna da

dereita onde van os diálogos, non os improviso sistematicamente, adoito escribilos e dállelo aos actores ou actrices no último momento, para que non se acostumen ao texto. Cómpre ter en conta a frescura dos intérpretes.

**Que nos pode dicir de *Viaggio in Italia*?** É un filme que quero moito; era moi importante para min mostrar Italia, Nápoles, esa atmosfera estraña que se atopa mesturada cun sentimento moi real, moi inmediato, moi fondo: o sentimento da vida eterna. É unha cousa que desapareceu completamente do mundo. Chegoulle a Eduardo de Filippo unha historia extraordinaria. Cando escribía a súa obra *Nápoles millonario* vagaba pola cidade para se documentar. Un día soubo que unha familia mostraba un rapaz negro nacido no seo familiar e foi alí ver o espectáculo. Na entrada da casa o marido napolitano cobraba a cinco liras a entrada. Xa dentro víase á muller e ao neno negro entre os brazos. Ao saír preguntoulle, «quedou satisfeito, gustoulle o que viu?» e disque Filippo respondeu: «escoite, cabrón, non lle dá vergoña cobrar cinco liras por mostrar que lle puxeron os cornos cun negro?». O tipo, daquela, levouno a un lugar apartado e díxolle: «que quede entre nós, ao neno, polas noites lavámolo». Era un pobre neno napolitano! Era unha pobre familia que tiña que vivir.

Esta inocencia, extraordinaria, esta pureza, era algo milagroso. Lembrades *Païsa*? cando o protagonista negro adormece e o neno dille: «dáte de conta de que se quedas durmido heiche roubar os zapatos». O negro dorme e o meniño róuballe os zapatos. É correcto, é normal, é neste xogo extraordinario onde se sitúan os límites da moral.

Lémbrome agora dunha observación que a miña muller me fixo cando comezou a falar italiano. «É gracioso, os italianos dicides sempre que algo é bonito ou feo, nunca que é bo ou malo». En efecto dicimos que un prato de espaguetes é bonito, nunca que é bo; un bonito bisté, nunca un bo bisté. Aí, na linguaxe, reside propia e fatalmente a concepción da vida de toda Italia.

Publicado en Cahiers du Cinéma nº 37.  
Xullo de 1954.  
Tradución: Xan Gómez Viñas

## MATERIAIS

### NA LIBRARÍA NUMAX

**Un espíritu libre no debe aprender como esclavo.** Roberto Rossellini  
Paidós, 2001

**Roberto Rossellini.** Ángel Quintana  
Cátedra, 1995.

**Las distancias del cine.** Jacques Rancière  
Ellago, 2012

**Roma, ciudad abierta.** Roberto Rossellini  
Feel Films [BLURAY]

**Alemancia, año cero.** Roberto Rossellini  
Feel Films [BLURAY]

**Paísà (Camarada).** Roberto Rossellini  
Feel Films [BLURAY]

**Francisco, juglar de Dios.** Roberto Rosellini  
A contracorriente films [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org